

HORARIOS

	16 h	17 h	18 h	19 h	20 h
Hippos					
Só					
Por que choras Marie?					
3 en 1					
Bailar, bailar e bailar!					
Escola de Saltimbanquis					
O Bosque dos sentidos					
Titeretú					
A mover o esqueleto					
L´animalada					
Xogos de circo e feira					
Mezzo					
Pabalabras por un tubo					

PARA REPOR ENERXÍAS

De 16:00 a 20:00 h. En catro horas de xogo e diversión fai falta recargar as baterías! A zona de descanso da Cidade Imaxinaria agárdavos con bebidas e petiscos variados de aquí e de acolá, doces e salgados, para repor enerxías entre tanta festa rachada.



VISITA AS EXPOSICIÓNS DO MUSEO CENTRO GAIÁS

Cidade Imaxinaria é unha oportunidade única para gozar en familia do lecer, da diversión e tamén da arte. Aproveitade a xornada para coñecer as exposicións que acolle o Museo Centro Gaiás, para as que ademais contades con visitas comentadas de balde ás 17:30 horas:

- **Valor e Mestría. Galicia como fútbol,** a mostra máis ambiciosa sobre o fenómeno e a historia do fútbol na nosa comunidade.
- **Pensar coas mans. Cestería, cerámica e xoiería de Galicia,** unha viaxe no tempo pola artesanía galega, na que hoxe poderedes gozar ademais de demostracións de torneado cerámico a partir das 17 horas.

*En caso de chuvia, os espectáculos trasladaranse a espazos ao enxoiro no Museo Centro Gaiás e no Edificio CINC



BUSES AO GAIÁS


Servizo de reforzo de autobús urbano Praza de Galicia-Gaiás cada 20 minutos:

Praza de Galicia	Centro → Gaiás 14:20 h, 15:00 h, 15:40 h, 16:20 h, 17:00 h, 17:40 h, 18:20 h, 19:00 h, 19:20 h, 20:20 h, 21:00 h.	Gaiás, CdC	Gaiás → Centro 14:00 h, 14:40 h, 15:20 h, 16:00 h, 16:40 h, 17:20 h, 18:00 h, 18:40 h, 19:20 h, 20:00 h, 20:40 h, 21:20 h.
	Praza de Galicia		

Servizo regular:

- L9 Liña 9**
Sábados mañá. Cada 60 min., de 09.00 a 13.00 h
- C11 Liña C11**
Sábados tarde. Ao paso por Xeneral Pardiñas. De 17.10 a 20.15 h

+info transporte urbano: tussa.org | www.cidadedacultura.gal



FONDO GAIÁS DA EMPRESA GALEGA:



ESPECTÁCULOS DE PISTA

01

Hippos

ZUM-ZUM TEATRE

Xardín do teatro | 16:00-16:30 e 17:30-18:00 Nun mundo onde conviven de xeito cotiá animais e persoas, estes hipopótamos escollen o camiño do medio e por el bailan coas súas zapatillas brancas. A súa danza quitaravos un sorriso mentres nos fala dos estereotipos, das aparencias e da humanidade.

02

Só

XAMPATITO

Praza central | 16:15-17:15
Xardín do teatro | 18:30-19:30
Un personaxe obsesivo, cuadrículado e meticuloso. Unha morea de caixas que escapan ao seu control e coas que xoga para dar forma ao seu mundo. Unha tolemia cómica na que un universo delirante xorde do caos e do riso.

04

3 en 1

ALAS CIRCO TEATRO

Praza central | 18:45-19:45
Tres artistas de circo, unha gran estrutura e a función debe comezar! Humor, destreza, absurdo, enxeño, acrobacias, malabares... un xogo cheo de enerxía que transita entre o individual e o colectivo de tres pezas do mesmo crebacabezas.



03

Por que choras Marie?

MARIE DE JONGH

Xardín do teatro | 16:30 – 17:30
Actores e marionetas conviven nese espectáculo de enorme tenrura no que a nena Marie tolea aos adultos coas súas falcatruadas. Unha historia que debulla medos, frustración e sobre todo cariño: porque só o amor pode salvar a quen non coñeceu o amor.

05

Bailar, bailar e bailar!

Sumádevos á coreografía de fin de festa ANIMATIUM

Praza central | 19:45h-20:00
Porque levades o ritmo nos ósos, non habedes querer perder a nosa fabulosa coreografía de fin de festa! Vinde despedir a tarde bailando nunha nube de confeti xunto aos artistas e todo o público da Cidade Imaxinaria.

ESPECTÁCULOS ITINERANTES

Mezzo

PISTACATRO

17:15h-18:45

No fantástico circo de insectos gigantes do doutor Mezzo escaravellos, grilos, bolboretas e todo tipo de bechos choutan, brincan, voan e danzan. Porque un caracol pode converterse en DJ e unha araña bailar claqué. Porque todos podemos escoller como queremos ser.

Palabras por un tubo

GENERACIÓN TEATRO

16:00-16:30 e 18:00-18:30

Un longo tubo de cartón, dúas persoas e un poema. E en voz moi baixiña as palabras chéganvos ao oído e ao corazón, convidándovos a xogar, a soñar, a detervos uns instantes e gozar da beleza da poesía.



Punto de información



Aseos



Cantina



Cruz Vermella



Postos de petiscos



A mover o esquelete

Obradoiro de baile con ANIMATIUM

Soportais interiores do CEM | 16:00-20:00 h. Deixádevos contaxiar do ritmo da Cidade Imaxinaria e vinde aprender uns sinxelos pasos para despois dalo todo na multitudinaria coreografía de fin de festa que teremos con todo o público asistente ao final da tarde na Praza central.

07

O Bosque dos sentidos

RISOTADAS

Sala Eisenman | 16:00-20:00 h.
Espazo para bebés de 0 a 3 anos. Un recuncho onde gozar dun tempo de distensión e sensacións, deseñado para fomentar o descubrimento e a experimentación sensorial a través do tacto, da vista, do son e das texturas.

*Ocupación máxima: 20 bebés, sempre acompañados/as dun adulto

10

L'animalada

KATAKRAK

Praza central. 16:00-20:00 h.
Hai obxectos que se resisten a seren desbotados no lixo así que fuxiron do seu triste destino transformándose en xogos-animais. Do montón de chatarra xorden formas, cores e preguntas: que animal será? Como se xogará con el?

ESPECTÁCULOS LUDICOS PARA IMAXINAR

06

Escola de Saltimbanquis

PISTACATRO

Soportais da biblioteca e do CEM | 16:00-20:00 h. Catro espazos para deixar saír o saltimbanqui que todos levamos dentro: zona de malabares, zona acrobática, zona de aéreos e zona de equilibrios. A vosa cativada descubrirá talentos circenses nunca antes explorados!

08

Titeretú

ITINERÀNIA

Acceso á Praza Central | 16:00-20:00 h. Cinco mans xigantes mecánicas e o público como protagonista da historia. Vinde convertervos en marioneta dun titiriteiro invisible para, empregando o voso corpo como única ferramenta, resolver xogos de equilibrio, precisión e coordinación.

11

Xogos de circo e feira

ANIMATIUM

Sala Eisenman | 16:00-20:00 h.
Catro en raia, asalto ao castelo, mariola, pesca en barrica, labirinto móbil, retos de puntería... Coa vosa destreza e habilidade habedes superar con éxito os retos que vos lanzan estes xogos tradicionais en formato xigante.